



Acta da Xunta de Escola ordinaria do 31 de outubro de 2013

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 31/10/2013.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 31/10/2013.
- III. Procedemento para o desenvolvemento das prácticas académicas na E.T.S.E. de Minas.
- IV. Informe provisional de Seguimento do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, curso 2012-2013.
- V. Informe provisional de Seguimento do Grao de Enxeñaría da Enerxía, curso 2012-2013.
- VI. Informe provisional de Seguimento do Master en Tecnoloxía Medioambiental, curso 2012-2013.
- VII. Informe provisional de Seguimento do Master en Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmóbel, curso 2012-2013.
- VIII. Memoria xustificativa para o Master Universitario en Enxeñaría de Minas.
- IX. Memoria xustificativa para o Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.
- X. Memoria xustificativa para o Grao de Enxeñaría da Enerxía.
- XI. Candidatura para a substitución dun membro na Comisión Permanente.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S. de Enxeñaría de Minas, presidida polo Director, Don José Benito Vázquez Dorrío, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 30 de setembro de 2013.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión ordinaria da Xunta de Escola celebrada o 30 de setembro de 2013.

Unha vez aprobada será posta na nova sección de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro.



2. Informe do Director.

O director informa sobre:

- ❖ Finalizado o sétimo prazo de matrícula na Universidade de Vigo formalizaron a súa 59 alumnos no Grao de Enxeñaría da Enerxía e 44 alumnos no Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos. Este número pode aumentar na derradeira oferta de prazas en centros que non pecharon matrícula da Universidade de Vigo.
- ❖ O aumento na matrícula do centro ao inicio do curso 2013-2014, que agora sobrepasa o número de cincocentos, fixo que o Reitorado nomeara unha nova Subdirectora. Desta forma a Profesora María Araujo Fernández ocupará agora as funcións de nova Subdirectora encargándose da Xefatura de Estudos mentres a Profesora Carmen Pérez Pérez asume as funcións de Subdirectora de Responsable de Programas de Intercambio e RRII.
- ❖ Actualizouse, baixo a supervisión da Secretaria Natalia Caparrini Marín, a páxina principal da web do centro cunha nova sección de calidade (agora só en castelán) onde figuran agora visibles os documentos necesarios para a acreditación dos graos e másters do centro:

http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?acsug_es

- ❖ Tamén creouse un novo apartado onde se publica a oferta dos Traballos Fin de Grao no centro:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=421,0,0,1,0,0>

Calquera nova proposta pode ser enviada por correo electrónico ben ao Negociado ben ao Subdirector David Patiño.

- ❖ Rógase ao profesorado que aínda non cubriu os datos da súa información pública na sección correspondente da web do centro o faga o máis pronto posible. En particular é de importancia que apareza a información horario/lugar das titorías. Pódese enviar dita información ao Negociado.

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?profesores>

- ❖ No Consello de Goberno do 29 de Outubro aprobáronse para o curso 2014/2015 favorablemente a tramitación das modificacións de titulacións de grao para o curso 2014/15, así como a tramitación da nova propostas de titulacións de máster que foran aprobadas na nosa Xunta de Escola.
- ❖ O centro participou o 21 de Outubro nos Encontros Educativos OCEÁNICA 13-14 que reuniron no campus de Vigo a 350 rapaces de toda Galicia.



- ❖ A COAP enviou novos criterios para a admisión a trámite de avaliacións curriculares en titulacións a extinguir que foi reenviada á comunidade do centro. É de destacar, por exemplo, que o/a estudante solicitante deberá ter superado o 75% dos créditos totais da titulación.
- ❖ Do 11 ao 15 de Novembro do 2013 celebrouse, ao igual que nos anos 2007, 2008, 2009, 2010, 2011 e 2012 na ETSE de Minas a SEMANA DA CIENCIA. Este ano baixo o lema: ENERXIA, MATERIAIS E MEDIO AMBIENTE: Recursos Esenciais e Singulares na Terra. As actividades están dirixidas fundamentalmente a estudantes de ensino medio e bacharelato, cuns contidos relacionados de forma directa coas súas instalacións e a súa investigación. Este ano cunha participación confirmada de polo menos 27 centros de ensino de toda Galicia e un millar aproximado de visitantes. Aquel profesorado que desexe colaborar na atención aos centros pónanse en contacto co Negociado. Prégase desculpen as posibles molestias ocasionadas. Información completa na nosa web:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=81,0,0,1,0,0>

- ❖ Recibíronse as taxas de rendemento /éxito/ avaliación/graduación/abandono/eficiencia dos títulos do centro correspondentes ao curso anterior cuns valores por encima da media no Grao de EE, similares aos graos e mestrados do ámbito tecnolóxico no Grao de ERME e nos mestrados do centro:

Centro	Estudo	Rendemento	Éxito	Avaliación	Graduación	Abandono	Eficiencia
CAMPUS DE VIGO							
E.T.S. de Enxeñaría de Minas	Grao en Enxeñaría da Enerxía	85,68%	89,46%	95,78%	-	3,85%	-
	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	55,73%	69,69%	79,97%	-	9,09%	-
	Máster Universitario en Tecnoloxía Medioambiental	74,81%	100,00%	74,81%	70,59%	17,65%	100,00%
	Máster Universitario en Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmóbil	88,97%	100,00%	88,97%	83,33%	0,00%	97,09%

- ❖ Notificouse ao profesorado con docencia no centro que o 30 de Novembro rematará o prazo para tramitar gastos contra o presuposto asignado ás Areas na Xunta de Escola do 8 de Abril do 2013. Logo desa data os remanentes serán incorporados a partida correspondente do centro para proceder o seu gasto.
- ❖ A Dirección pide desculpas por as confusións creadas no horario de realización de exames durante a CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA // CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA. A Dirección agradece a boa vontade do profesorado e alumnado implicado.



3. Nomeamento do tribunal de premio extraordinario fin de carreira na titulación de Enxeñaría de Minas.

Non recibindo candidaturas para o nomeamento de Tribunal de Premio Extraordinario Fin de Carreira na Titulación de Enxeñaría de Minas a Dirección propón un Tribunal formado por José Benito Vázquez Dorrió (Presidente), Natalia Caparrini Marín (Secretaria) e María Araujo Fernández (Vocal).

A Xunta de Escola aproba por asentimento nomear o tribunal proposto.

4. Aprobación, se procede, do Regulamento das Prácticas Académicas Externas Extracurriculares na E.T.S.E. de Minas.

Enviouse con antelación aos membros da Xunta de Escola unha proposta que recibiu unha serie de alegacións e suxestións. Parte delas foron incluídas no texto que foi de novo enviado antes da presente Xunta de Escola.

Toma a palabra a Subdirectora Carmen Pérez Pérez e explica a proposta da dirección respecto ao recoñecemento de créditos, que poderá realizarse:

- En bloques de 6 ECTS , que esixen un mínimo de 150 horas presenciais de traballo na empresa por cada bloque
- Ou en un bloque de 12 ECTS, se se chega ás 240 horas totais na mesma empresa.

Xérase un debate con varias intervencións e finalmente os alumnos propoñen 130 horas para o bloque de 6 ECTS e 240 h para o de 12 ECTS.

Procédese á votación de ambas propostas:

Votos a favor da proposta de Dirección: 9 votos

Votos a favor da proposta dos alumnos: 6 votos

Abstencións: 6

Logo dunhas matizacións sobre a extensión da memoria e a avaliación, a Xunta de Escola aproba o Procedemento para o desenvolvemento das prácticas académicas na E.T.S.E. de Minas, que se achega como anexo III a esta acta.

5. Aprobación, se procede, do Informe Provisional de Seguimento do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, curso 2012-2013.

O obxectivo do proceso de seguimento é comprobar a correcta implantación do título en base ao compromiso adquirido na memoria verificada. Para demostrar que dito compromiso estase levando a cabo é necesario que as evidencias estean dispoñibles en todo momento non, unicamente, cando a comisión externa realice a comprobación das mesmas.

Foi enviado con antelación un enlace e preséntase agora para a súa aprobación o Informe Provisional de Seguimento do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, curso 2012-2013.

A Xunta de Escola aproba por asentimento dito informe.



Este informe foi supervisado pola profesora Natalia Caparrini Marín, Coordinadora da Comisión de Garantía Interna de Calidade, e será analizado polo Servizo de Calidade da Universidade de Vigo e logo deberá ser aprobado no centro na súa versión definitiva.

Para axilizar o proceso, a Dirección do centro propón que esta Xunta de Escola delegue na COMISIÓN DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE da ETSE de Minas a aprobación definitiva dos cambios que poidan ser necesarios.

A Xunta de Escola aproba por asentimento dita delegación.

Achégase como anexo IV a esta acta o informe aprobado.

6. Aprobación, se procede, do Informe Provisional de Seguimento do Grao de Enxeñaría da Enerxía, curso 2012-2013.

Igual que co informe referido no apartado anterior, foi enviado con antelación un enlace e preséntase agora para a súa aprobación o Informe Provisional de Seguimento do Grao de Enxeñaría da Enerxía, curso 2012-2013.

A Xunta de Escola aproba por asentimento dito informe.

Este informe foi supervisado por a profesora Natalia Caparrini Marín, Coordinadora da Comisión de Garantía Interna de Calidade, e será analizado polo Servizo de calidade da Universidade de Vigo e logo deberá ser aprobado no centro na súa versión definitiva. Para axilizar o proceso a Dirección do centro propón que esta Xunta de Escola delegue na COMISIÓN DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE da ETSE de Minas a aprobación definitiva dos cambios que poidan ser necesarios.

Apróbase por asentimento.

A Xunta de Escola aproba por asentimento dita delegación.

Achégase como anexo V a esta acta o informe aprobado.

7. Aprobación, se procede, do Informe Provisional de Seguimento do Master en Tecnoloxía Medioambiental, curso 2012-2013.

Igual que cos informes referidos nos apartados anteriores, foi enviado con antelación un enlace e preséntase agora para a súa aprobación o Informe Provisional de Seguimento do Master en Tecnoloxía Medioambiental, curso 2012-2013.

A Xunta de Escola aproba por asentimento dito informe.

Este informe foi supervisado por a profesora María Araújo Fernández e será analizado polo Servizo de calidade da Universidade de Vigo e logo deberá ser aprobado no centro na súa versión definitiva. Para axilizar o proceso a Dirección do centro propón que esta Xunta de Escola delegue na COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN TECNOLOXÍA MEDIO AMBIENTAL da ETSE de Minas a aprobación definitiva dos cambios que poidan ser necesarios.

A Xunta de Escola aproba por asentimento dita delegación.

Achégase como anexo VI a esta acta o informe aprobado.



8. Aprobación, se procede, do Informe Provisional de Seguimento do Master en Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmable, curso 2012-2013.

Igual que cos informes referidos nos apartados anteriores, foi enviado con antelación un enlace e preséntase agora para a súa aprobación o Informe Provisional de Seguimento do Master en Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmable, curso 2012-2013.

A Xunta de Escola aproba por asentimento dito informe.

Este informe foi supervisado por a profesora Natalia Caparrini Marín e será analizado polo Servizo de calidade da Universidade de Vigo e logo deberá ser aprobado na súa versión definitiva. Para axilizar o proceso A Dirección do centro propón que esta Xunta de Escola delegue na COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN TECNOLOXÍAS PARA A PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL INMOBLE da ETSE de Minas a aprobación definitiva dos cambios que poidan ser necesarios.

Apróbase por asentimento.

A Xunta de Escola aproba por asentimento dita delegación.

Achégase como anexo VII a esta acta o informe aprobado.

9. Aprobación, se procede, da memoria xustificativa do cumprimento dos requisitos establecidos nos puntos 5.1a y 5.1b da orde do 20 de marzo de 2012, para o Master Universitario en Enxeñaría de Minas.

Envíouse por correo electrónico a memoria xustificativa do cumprimento dos requisitos establecidos nos puntos 5.1a y 5.1b do DOG de 20 de marzo de 2012 a pedimento da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para solicitar autorización do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.

O documento debe plasmar que a proposta cumpre una serie de requisitos xerais e polo menos 3 requisitos do conxunto de requisitos específicos. O documento foi preparado por a profesora Elena Alonso Prieto e enviado previamente aos membros da Comisión Delegada da Xunta de Escola para a elaboración da proposta de Master vinculado á profesión regulada de Enxeñaría de Minas.

A Xunta de Escola aproba por asentimento dita memoria.

Para axilizar o proceso A Dirección do centro propón que esta Xunta de Escola delegue na mencionada comisión a aprobación definitiva dos cambios que poidan ser necesarios.

A Xunta de Escola aproba por asentimento dita delegación.

Achégase como anexo VIII a esta acta a memoria aprobada.



10. Aprobación, se procede, da memoria xustificativa do cumprimento dos requisitos establecidos nos puntos 5.1a y 5.1b da orde do 20 de marzo de 2012, pola que se desenvolve o decreto 222/2011 do 2 de decembro, para o Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

Do mesmo xeito que no apartado anterior, enviouse por correo a memoria xustificativa do cumprimento dos requisitos establecidos no DOG de 20 de marzo de 2012 a pedimento da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para solicitar modificación do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

O documento foi preparado por a profesora Natalia Caparrini Marín, Coordinadora da Comisión de Garantía Interna de Calidade.

A Xunta de Escola aproba por asentimento dita memoria.

Para axilizar o proceso A Dirección do centro propón que esta Xunta de Escola delegue na COMISIÓN DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE da ETSE de Minas a aprobación definitiva dos cambios que poidan ser necesarios.

A Xunta de Escola aproba por asentimento dita delegación.

Achégase como anexo IX a esta acta a memoria aprobada.

11. Aprobación, se procede, da memoria xustificativa do cumprimento dos requisitos establecidos nos puntos 5.1a y 5.1b da orde do 20 de marzo de 2012, pola que se desenvolve o decreto 222/2011 do 2 de decembro, para o Grao de Enxeñaría da Enerxía.

Do mesmo xeito que no apartado anterior, enviouse por correo a memoria xustificativa do cumprimento dos requisitos establecidos no DOG de 20 de marzo de 2012 a pedimento da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para solicitar modificación do Grao de Enxeñaría da Enerxía.

O documento foi preparado por a Coordinadora da Comisión de Garantía Interna de Calidade Natalia Caparrini Marín.

A Xunta de Escola aproba por asentimento dita memoria.

Para axilizar o proceso A Dirección do centro propón que esta Xunta de Escola delegue na COMISIÓN DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE da ETSE de Minas a aprobación definitiva dos cambios que poidan ser necesarios.

A Xunta de Escola aproba por asentimento dita delegación.

Achégase como anexo X a esta acta a memoria aprobada.



12. Aprobación, se procede, da modificación puntual do calendario de exames de 4º curso do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, para o curso académico 2013-2014.

Enviouse por correo unha proposta de modificación puntual do calendario de exames de 4º curso do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos que afecta unicamente a materia Explotación Sostible II.

A proposta consensuada coa profesora responsable é de que dito exame se celebre o luns 23 de xuño ás 10:00 na Aula M107.

A Xunta de Escola aproba por asentimento dita modificación do calendario de exames.

13. Renovación, se procede, da Comisión Permanente da ETSE de Minas.

Debido ao nomeamento da profesora María Araujo Fernández faise necesario designar ao membro titular, pola titulación de Enxeñaría de Minas, dentro do sector de PDI na Comisión Permanente.

Presentouse como candidata única a profesora Dona Elena Alonso Prieto.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a renovación á que se refire este punto.

14. Rogos e preguntas.

Carmen Pérez e David Patiño, coordinadores dos Graos de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e de Enxeñaría da Enerxía respectivamente, comentan que se abriu o prazo de planificación por parte do profesorado no proceso de Enquisas de Avaliación Docente do 1º cuadrimestre do curso 2013-2014 e solicitan aos profesores que completen os datos na aplicación antes de que finalice o prazo.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14 horas e 5 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a trinta e un de outubro de dous mil trece.

Vº e Prace

O Presidente

A Secretaria

José Benito Vázquez Dorrío

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 31/10/2013



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 31/10/2013



Asistentes Xunta de Escola ordinaria 31/10/2013

PROFESORES	
1.	Presidente: José Benito Vázquez Dorrió
2.	Secretaria: Natalia Caparrini Marín
3.	Alejano Monge, Leandro
4.	Álvarez Vázquez, Lino José
5.	Araújo Fernández, María
6.	Cabeza Simó, Marta
7.	Carrillo González, Camilo José
8.	García Bastante, Fernando
9.	Lanaja del Busto, José María
10.	Mandado Vázquez, Alfonso M.
11.	Martín Suárez, José Enrique
12.	Patño Vilas, David
13.	Pérez Pérez, Carmen
14.	Rivas Brea, Teresa
15.	Saavedra González, Ángeles
16.	Taboada Castro, Javier
17.	Vijande López, Javier
ALUMNOS	
1.	Carrillo Pérez, Rosalía
2.	Casal Echevarría, Alexandre
3.	Castro Filgueira, Uxía
4.	García Iglesias, Jaime
5.	González Bello, Marcos
6.	Oliveira Aboy, Diego Antonio
7.	Vidal Fontenla, Alejandro
P.A.S.	
1.	Romo Pérez, M ^a del Carmen

Total membros Xunta de Escola :	50
Asistentes	25

Excusan a súa asistencia:

- Dona Elena Alonso Prieto
- Dona Elena González Rodríguez
- Don Iván Veleiro Pinal



ANEXO III

Procedemento para o desenvolvemento das prácticas académicas na E.T.S.E. de Minas



ANEXO IV

Informe provisional de Seguimento do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, curso 2012-2013.



ANEXO V

Informe provisional de Seguimento do Grao de Enxeñaría da Enerxía, curso 2012-2013.



ANEXO VI

Informe provisional de Seguimento do Master en Tecnoloxía Medioambiental, curso 2012-2013.



ANEXO VII

Informe provisional de Seguimento do Master en Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmóbel, curso 2012-2013.



ANEXO VIII

Memoria xustificativa para o Master Universitario en Enxeñaría de Minas.



ANEXO IX

Memoria xustificativa para o Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.



ANEXO X

Memoria xustificativa para o Grao de Enxeñaría da Enerxía.



ANEXO XI

Candidatura para a substitución dun membro na Comisión Permanente.